master en asesoramento xurídico empresarial

TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO

O Traballo de Fin de Mestrado (TFM) é o colofón do curso de posgrao. Todos/as os/as alumnos/as deben realizalo cando superasen os módulos da Parte xeral, finalizada a Especialidade e realizadas as Prácticas. Non se poderá obter o título de Mestrado sen a previa superación do TFM, nin poderá presentarse o TFM sen superar previamente os créditos formativos.

O TFM suxeitarase ás seguintes directrices:

1º) **TEMA**: o TFM deberá realizarse, por regra xeral, sobre un tema encuadrable na Especialidade que cursase o/a alumno/a. Cando un/ha alumno/a haxa realizado dúas Especialidades realizará un único TFM onde conecte ambas.

2º) **TUTORIZACIÓN**: o TFM será coordinado e supervisado polo titor/a. O/a alumno/a poderá acordar a tutorización cun/ha profesor/a da materia e comunicalo ao Coordinador/a da Especialidade para que este/a lle nomée como tal. En defecto do anterior, o/a Coordinador/a da Especialidade asignará a cada alumno/a un Titor/a de TFM. En calquera caso, o/a titor/a seleccionará o tema do TFM xunto co/a alumno/a, coordinará e supervisará a execución do TFM e deberá dar o Visto e prace para a súa presentación. En relación coas titorías mínimas que ou/a alumno/a debe de ter co/a titor/a: non establécense máximos pero sí que, como mínimo, un mes antes da data de peche do prazo de depósito do traballo ou/a estudante teña realizado unha titoría co/a titor/a.
A entrega do documento definitivo do TFM ao/á titor/a por parte do/da alumno/a para a emisión do seu informe favorable para a defensa do traballo, deberá realizarse polo menos cunha antelación mínima dunha semana á data administrativa límite para a emisión do citado informe

3º) **EXTENSIÓN**: o TFM terá a extensión que considere conveniente o/a Titor/a de TFM. A modo de recomendación suxírese unha extensión non menor de 30 páxinas (letra arial de 12 puntos, a espazo simple) e non superior a 80.
No suposto de cursar dúas especialidades, é posible realizar un único TFM para ambas. Neste caso, a extensión non será menos de 50 páxinas (letra arial de 12 puntos, a espazo simple) e non superior a 100

4º) **CRITERIOS FORMAIS**: para a elaboración do TFM hai que respectar os seguintes criterios formais:

Na cuberta exterior e na primeira páxina do TFM deben constar claramente os seguintes datos:
- Denominación do Posgrao (MAXE)
- Título do traballo (en castelán, galego e inglés).

- Nome e titulación do/a autor/a
- Nome e cargo do/a Titor/a
- Data de presentación

O TFM deberá conter, polo menos, as seguintes partes:
- Presentación do tema escollido
- Desenvolvo
- Conclusións
- Bibliografía e documentación ou material utilizado.

Para as citas ao pé de páxina usarase a ISO 690: 2013, dispoñible na web da Biblioteca da UDC.

5º) **ENTREGA**: cada alumno/a debe depositar o TFM: ou ben presencialmente na Administración do centro, aportando tres exemplares en formato papel co Visto e prace do/a Titor/a na portada; ou ben a través do correo electrónico, en formato pdf e coa firma dixital do/a titor/a. No caso de optar por esta última vía de depósito, o/a alumno/a debe entregar unha copia en papel ao Tribunal o día de defensa do TFM. En ambos casos, este depósito farase tras o informe favorable do/a titor/a á través da Secretaría Virtual e logo de xerar a súa solicitude de defensa tamén a través da súa Secretaría Virtual. Unha copia da devandita solicitude debe entregarse xunto cos exemplares / pdf do TFM.
Unha copia da devandita solicitude debe entregarse, física ou virtualmente, segundo a modalidade de depósito elixida, xunto cos exemplares físicos do TFM ou a través do formulario en liña.

6º) **DEFENSA**: o TFM será defendido ante un Tribunal composto por tres profesores/as nomeados/as polo Coordinador do Mestrado, dous dos cales serán necesariamente doutores/as. Os criterios de formación do Tribunal son:
- Doutor/a con vinculación co Centro;
- Profesorado do Plan de Ordenación Docente (POD) do MAXE;
- En defecto dos anteriores, profesorado do POD do Centro.

Cada especialidade terá un único Tribunal para todas as convocatorias de defensa durante un curso académico.

O/a alumno/a dispoñerá dun máximo de 10 minutos para presentar o seu traballo e poderá recibir preguntas ou recomendacións por parte do Tribunal.

O Tribunal valorará o contido do TFM (70%) e a exposición oral (30%) e outorgará unha cualificación numérica entre 0 e 10. Concederase a cualificación de Matrícula de Honra ao mellor TFM. As cualificacións serán comunicadas aos/as alumnos/as a través de Moodle, da Secretaría Virtual ou no taboleiro de anuncios da aula MAXE.

ANTONIO LEGERÉN
Coordinador Académico do Mestrado